



C O N C E L L O  
DE  
M O R A Ñ A

# B A N D O

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42  
Internet: [www.morana.org](http://www.morana.org)  
E-mail: [concello@morana.org](mailto:concello@morana.org)  
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)

**Dona MARIA LUISA PIÑEIRO ARCOS,  
ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MORAÑA.**

**FAI SABER:** Que a Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia), mediante a Orde do 4 de maio de 2012 (DOG N° 91) convocou as seguintes axudas para o ano 2012.

## **AXUDAS para a OBTENCIÓN do PERMISO DE CONDUCCIÓN CLASE B por parte dos mozos e mozas**



**BENEFICIARIOS:** MOZOS E MOZAS QUE TEÑAN ENTRE 18 E 30 ANOS DE IDADE cumpridos no momento de presentar a solicitude; cumpran os requisitos do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia, e ademais:

- Estean en situación de desemprego, cunha antigüidade mínima de seis meses, no momento de presentar a solicitude (aportarase certificado do Inem como demandante de emprego no que conste o tempo de permanencia na situación de desemprego).
- Sexan titulares do carné xove vixente no momento de presentar a solicitude.
- Teñan a súa residencia en Galicia e acrediten un nivel de ingresos netos anuais da unidade familiar (constituída pola persoa beneficiaria e os familiares cos que conviva) *non superior a 2,5 veces o IPREM establecido para o ano 2012, incluíndo as pagas extraordinarias, ponderado segundo os membros da unidade familiar*, do xeito seguinte: 1 membro na unidade familiar (ingresos máximos: 14.910,28 euros); 2 membros na unidade familiar (16.556,98 euros) e 3 ou máis membros (18.637,85 euros).
- Non estar en posesión do permiso de condución clase B no momento de presentar a solicitude, ou estar en posesión del, con data de expedición definitiva a partir do 1 de xaneiro de 2012.

**IMPORTE DAS AXUDA:** **200 euros** por beneficiario/a, sempre e cando este importe non supere o custo derivado da obtención do permiso de condución obxecto das axudas.

**PRAZO:** O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o día 1 de setembro de 2012, salvo que se produza con anterioridade o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible (poñerase en coñecemento xeral a través da páxina [web: www.xuventude.net](http://web:www.xuventude.net)).

**Máis información no Concello de Moraña -> 986 55 30 05**

Moraña, 14 de maio de 2012  
A ALCALDESA - PRESIDENTA

MARÍA LUISA PIÑEIRO ARCOS

